

Área: Presidencia**Circular nº 04 - Temp. 23/24**

PLATAFORMA CLUBER TEMPADA 23/24

Dende a Federación Galega de Balonmán comunicamos a modificación do acordo alcanzado entre a Federación Galega de Balonmán e Cluber para dar o mellor servizo aos clubs que así o demanden.

A Federación Galega de Balonmán viña asumindo os custes das licenzas anuais da plataforma Cluber para todos os clubs de Galicia durante os últimos catro anos; actualmente, chegamos a un novo acordo, mediante o cal a Federación Galega de Balonmán deixará de asumir os importes da plataforma, e pola súa parte, Cluber, comprométese a ofrecer aos clubs galegos, coma medida de patrocinio, a gratuidade da súa licenza anual.

Todos os clubs que queiran seguir a traballar con Cluber, ou facelo a partires de agora, poderán consultar as condicións de adquisición da licenza gratuíta, ademais doutras posibilidades de mellora de xestión e financiación, contactando a través do enderezo de correo info@cluber.es.

En Vigo a 13 de xullo de 2023.

